

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O PARLAMENTO DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN DE VISITAS GUIADAS ÁS SEDES DA XUNTA DE GALICIA E DO PARLAMENTO GALEGO POR ALUMNADO DE CENTROS ESCOLARES GALEGOS DE TITULARIDADE PÚBLICA.

En Santiago de Compostela, a 18 de decembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia e do artigo 3 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra parte, o Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira, presidente do Parlamento de Galicia, que actúa no seu nome e representación ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983 (DOG núm. 4, do 7 de xaneiro de 1984) modificado o 6 de agosto de 2015 (DOG núm. 162, do 26 de agosto de 2015).

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

I. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta, en virtude do artigo 31 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, a competencia plena da regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do artigo 81 da mesma o desenvolvan, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

II. Que o Parlamento de Galicia, como a Xunta de Galicia, como poderes de autogoberno de Galicia, teñen a misión de promover as competencias asumidas pola Comunidade Autónoma dentro do ámbito das súas respectivas competencias. O Parlamento de Galicia é o órgano superior deliberante de representación do pobo galego no que reside a potestade legislativa da Comunidade Autónoma.

Á súa vez, á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no seo da Xunta de Galicia, correspóndelle o desenvolvemento das competencias executivas autonómicas en materia de ensinanza, ao abeiro do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

III. Que o Parlamento de Galicia conmemora o 35 aniversario do comezo da primeira lexislatura da autonomía galega, logo de celebrar no Pazo de Xelmírez a primeira sesión constitutiva o 19 de decembro de 1981, verdadeiro fito representativo do autogoberno da Comunidade Autónoma e do triunfo autonomista perseguido polos galegos e galegas dende a frustración do proxecto de Estatuto no ano 1936 e que agora erixe a Galicia como nacionalidade histórica.

Que con tal motivo as institucións queren abrir as súas portas aos máis cativos, facéndooos partícipes da sociedade democrática á que pertencen dende o eido educativo, despertando o interese pola autonomía galega dende o coñecemento do aparato institucional da organización administrativa.

IV. Que a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, segundo a redacción dada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece entre os principios e os fins do ensino obrigatorio, o exercicio da cidadanía activa e responsable desde os valores democráticos.

V. Que consonte ao establecido na Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias para a aprendizaxe permanente, os currículos establecidos en Galicia para o ensino obrigatorio incorporan o desenvolvemento de competencias clave, entendidas como aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego, incluídas aquelas de carácter social e cívico. Estas competencias clave teñen un carácter integral e transversal a todas as materias do currículo.

VI. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é consciente da relevancia da formación do alumnado en valores democráticos, para o exercicio das competencias sociais e cívicas, así como para a interacción e participación no ámbito público desde os principios de democracia, transparencia e goberno aberto. Neste senso, impulsou, mediante o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a posibilidade, prevista nos artigos 13.3, 13.4, 30.5, 30.6, 31.5 e 31.6, de ofertar, dentro das materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes no horario establecido como de libre configuración, a materia “Valores democráticos Europeos” en 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria. Esta materia ten por obxecto promover os valores necesarios para o exercicio dunha cidadanía democrática e para construír unha sociedade máis xusta, igualitaria, transparente e crítica.

VII. Que a cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Parlamento de Galicia que se procura neste acordo redundará nunha actividade máis completa e enriquecedora para o alumnado dos centros escolares públicos galegos.

En virtude do exposto, as partes intervincentes desde o seu respectivo ámbito natural de competencias e, segundo están representadas, establecen o presente convenio de cooperación, que se rexerá polas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto e finalidade da colaboración.

O obxecto da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Parlamento é a organización dun Programa educativo apoiado en visitas didácticas de escolares de centros educativos galegos de titularidade pública ás sedes de ambas as dúas institucións, de xeito que reciban información sobre o desenvolvemento das principais funcións de cada unha delas nos lugares onde se realizan, o que representa a responsabilidade e o compromiso das institucións coas xeracións máis novas.

A finalidade das visitas é que alumnado do presente exerza os seus dereitos democráticos futuros de xeito responsable e activo a través do acercamento e ampliación de coñecementos sobre os poderes lexislativo e executivo de Galicia, a fin de fomentar unha cidadanía democrática e responsable presente e futura.

No proceso de formación para a participación democrática o alumnado galego debe identificar e coñecer o funcionamento institucional e as fontes autonómicas de subministración de bens e servizos públicos como a educación, a sanidade, os servizos sociais ou as comunicacións.

A tal obxecto e fin, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria queren promover un Programa de actividades que encaixe no proceso educativo continuo de formación dunha cidadanía democrática activa, tolerante, solidaria e crítica, na que o diálogo no marco da democracia e a xustiza se erixan como referentes para a convivencia social.

Este Programa de actividades afondará na importancia social e a utilidade práctica do Parlamento e da Xunta de Galicia, máximo órgano de representación popular galega e órgano colexiado de Goberno que dirixe a política xeral da Comunidade Autónoma, respectivamente.

Segunda. Ámbito de aplicación.

As estipulacións deste convenio de cooperación aplciaranse a todos os centros educativos galegos de titularidade pública con alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria.

Os centros participantes formarán grupos dun mínimo de 30 e un máximo de 60 participantes. En calquera caso, en cada visita o alumnado participante distribuirase en grupos por etapa educativa e nun número que se considere axeitado para que o alumnado saque proveito da visita e non interfira na actividade das institucións.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoverá e impulsará a realización das actividades obxecto deste acordo e divulgará entre os centros docentes a oportunidade das visitas.

Terceira. Metas, desenvolvemento e estratexia do Programa didáctico.

As metas que persegue o Programa didáctico son:

- O fomento dos valores democráticos
- O coñecemento da historia recente de Galicia e do noso funcionamento social.
- A formación en valores como o diálogo, a convivencia e o respecto.

- O desenvolvemento das competencias clave, nomeadamente as competencias sociais e cívicas e a competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor, coa incorporación dos principios de Goberno Aberto e a transparencia.
- A comprensión polo alumnado máis novo de que as institucións galegas procuran o desenvolvemento social e o exercicio pleno dos dereitos de cada persoa.

Con carácter previo á realización efectiva das visitas, o Programa didáctico desenvolverase dentro das aulas mediante a entrega e traballo cos materiais proporcionados polas institucións, que incluírán unha serie de actividades que aborden os obxectivos e finalidades do Programa didáctico e que incluírán os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe correspondentes, así como a súa posible integración curricular e a vinculación co desenvolvemento das competencias clave.

Logo de realizar o traballo previo de formación nas aulas, concertarase a visita ás institucións. En cada institución, o grupo será recibido por unha autoridade que lle dará a benvida para despois realizar a visita por cadansúa sede institucional guiados por profesionais que lles explicarán o funcionamento e a organización dos correspondentes poderes públicos, de xeito que o alumnado poida afianzar os coñecementos adquiridos no traballo previo da aula.

Cuarta. Rexime económico.

Os compromisos económicos que asumen a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Parlamento de Galicia concréntanse no financiamento do transporte do alumnado dos centros de ensino público, dende o centro educativo, ata as sedes de ambas institucións e o regreso ao orixe. Dito transporte contratarase de acordo cos parámetros económicos e organizativos que fixe a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Neste senso, os autobuses recollerán ao alumnado no seu centro escolar, o levarán a cada unha das institucións e o conducirán de novo de volta ao centro escolar.

A estes efectos, o compromiso económico máximo asumible derivado do presente convenio é de trinta mil euros (30.000 €) por curso escolar.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asumirá o custo ata un límite máximo de quince mil euros (15.000 €) por curso escolar, con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.423A.223.08 dos seus orzamentos.

Pola súa parte, o Parlamento de Galicia satisfará, no seu caso, os restantes quince mil euros (15.00 €) con cargo á partida 01.01.111B.223 dos seus orzamentos.

En consecuencia o compromiso económico máximo asumible ata o 1 de setembro de 2020, data límite de vixencia do convenio, é de noventa mil euros (90.000 €) que serán satisfeitos con cargo aos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ata un límite máximo de corenta e cinco mil euros (45.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.423A.223.08.

Os restantes corenta e cinco mil euros (45.000€) serán satisfeitos, no seu caso, polo Parlamento de Galicia con cargo aos seus orzamentos.

Dado que a duración deste convenio de cooperación estenderá os seus efectos aos cursos escolares 2017/2018, 2018/2019 e 2019/2020, a previsión máxima da distribución por anualidades con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.423A.223.08 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria será a seguinte:

Ano 2017: 5.000,00 € polas expedicións que se realicen durante o primeiro cuadrimestre do curso escolar 2017/2018.

Ano 2018: 15.000 € polas expedicións que se realicen durante o segundo e terceiro trimestres do curso escolar 2017/2018 (10.000,00 €) e o primeiro cuadrimestre do curso escolar 2018/2019 (5.000,00 €).

Ano 2019: 15.000 € polas expedicións que se realicen durante o segundo e terceiro trimestres do curso escolar 2018/2019 (10.000,00 €) e o primeiro cuadrimestre do curso escolar 2019/2020 (5.000,00 €).

Ano 2020: 10.000,00 € polas expedicións que se realicen durante o segundo e terceiro trimestres do curso escolar 2019/2020 (10.000,00 €).

Aos efectos de pagamento, dado que cada expedición non supera os límites do gasto menor e non resulta posible determinar de xeito anticipado o número de centros participantes, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asume o pagamento individual das expedicións ata o límite máximo de 15.000 euros por curso escolar. Os restantes pagamentos que superen dita cifra serán efectuados por conta do Parlamento de Galicia ata acadar a cifra máxima conveniada.

Así con respecto ao Parlamento de Galicia, a distribución por anualidades comenzará no exercicio 2018 e será a seguinte:

2018: 15.000,00 €

2019: 15.000,00 €

2020: 15.000,00 €

Os gastos de organización e didáctica derivados deste convenio non implican a realización de ningún gasto non previsto nos orzamentos xerais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o exercicio correspondente á realización da visita.

Á súa vez, as obrigas de organización e didáctica asumidas polo Parlamento de Galicia neste imputaranse aos gastos xerais previstos nos seus orzamentos.

Quinta. Compromisos do Parlamento de Galicia.

O Parlamento de Galicia asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

1. Organizar as visitas guiadas polas dependencias da Cámara. O alumnado percorrerá os lugares onde se desenvolvan as principais funcións da institución lexislativa e recibirán a explicación sobre o funcionamento e organización da Cámara.

Para a organización destas visitas o Parlamento de Galicia disporá dun formulario, preferentemente electrónico, a disposición dos centros educativos, mediante o que estes solicitarán as visitas, aportando todos os datos necesarios para a organización. Á vista das solicitudes recibidas, o Parlamento comunicará á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as datas posibles para as visitas á Institución Autónoma, con tres días de antelación á primeira delas, de xeito que, unha vez acordadas entre ambas as dúas institucións as datas axeitadas, o Parlamento as cofirmará aos colexios solicitantes.

2. Distribuír o material didáctico elaborado pola Cámara Lexislativa, consistente en recursos educativos abertos de apoio, axeitados ao nivel do alumnado destinatario e incluíntes dos principios de accesibilidade universal e inclusión, así como de perspectiva de xénero.

3. Aboar, con cargo aos seus orzamentos, o transporte do alumnado de centros de ensino público, nos termos establecidos na estipulación cuarta.

Sexta. Compromisos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

1. Realizar as visitas guiadas polas dependencias da Xunta de Galicia. O alumnado percorrerá os lugares onde se desenvolvan as principais funcións da institución executiva, nomeadamente as salas do Consello da Xunta e da Comisión de secretarios, e recibirán a explicación sobre o funcionamento e organización do goberno de Galicia.
2. Elaborar o material didáctico consistente en recursos educativos abertos que sirvan de apoio á visita, axeitado ao nivel do alumnado destinatario e incluínte dos principios de accesibilidade universal e inclusión, así como de perspectiva de xénero. Os materiais didácticos serán elaborados por asesores especialistas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
3. Difundir o programa de actividades entre os centros escolares galegos sostidos con fondos públicos e incentivar a súa participación, dando preferencia aos centros de ensino que impartan a materia de libre configuración autonómica de Valores Democráticos Europeos, ou similar de libre configuración de centro.
4. Realizar actividades de Formación do Profesorado na modalidade (presencial, en rede ou mixta) que se estime oportuna para difundir as orientacións metodolóxicas do Programa, así como as boas prácticas educativas en valores democráticos, cidadanía activa, responsable e solidaria. As actividades incluírán formación en materia de Goberno Aberto e transparencia da administración pública.
5. Aboar, con cargo aos seus orzamentos, o transporte do alumnado de centros de ensino público de titularidade pública, nos termos establecidos na estipulación cuarta.

Sétima. Efectos e duración.

O presente convenio de cooperación producirá efectos a partir da súa firma e finalizará o 1 de setembro de 2020, podendo prorrogarse sempre e cando medie acordo expreso previo das partes.

Oitava. Comisión paritaria de seguimento.

Como mecanismo de coordinación para o adecuado desenvolvemento das actividades previstas constituirase, reuníndose sempre que sexa necesario unha comisión paritaria integrada por unha persoa en representación da Xunta de Galicia nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e unha persoa en representación do Parlamento de Galicia. Poderán asistir outros membros, sen voz e sen voto, a petición de cada unha das partes.

Novena. Resolución do acordo de colaboración.

Son causas de resolución do presente acordo de colaboración:

1. O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas as dúas partes.
2. O mutuo acordo entre as partes.
3. A denuncia por calquera das partes asinantes do mesmo cun aviso previo expreso dun mes.

Décima. Modificación.

As partes asinantes, no seu caso a través da comisión de seguimento, poderán instar a modificación deste convenio en calquera momento. As propostas de modificación deberán ser comunicadas por escrito cunha antelación dun mes.

As modificacións acordadas articularanse mediante addendas ao presente convenio.

Undécima. Publicidade e rexistro do convenio.

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.


Procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de acordo co disposto no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos seus datos persoais no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia, así como no Portal de Transparencia do Parlamento de Galicia.

Décimo segunda. Outras estipulacións.

A subscrición do presente convenio de cooperación non implica a constitución de relación contractual ningunha entre as partes asinantes e os profesionais que realicen as actividades obxecto do mesmo, de tal maneira que non poderá esixírselles máis responsabilidade que a correspondente ás indemnizacións dos danos e prexuízos causados como consecuencia das operacións de traslado dos escolares e acompañantes ás sedes das institucións públicas, agás cando ditos danos se produzan por causas de forza maior.

E en proba de conformidade as partes implicadas subscriben o presente acordo por duplicado exemplar e para un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.



Miguel Ángel Santalices Vieira,
presidente do
Parlamento de Galicia



Román Rodríguez González,
conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria